

# Profesores que educan aos rapaces contra a violencia machista



Esta campaña ten como **OBXECTIVO** dar as claves para que calquera profesor e alumno actúe para condenar, rexeitar, denunciar e se indigne ante todo o relacionado coa violencia sexual, a pornografía e a trata de mulleres con fins de explotación sexual e que defenda a igualdade entre mulleres e homes.

Para iso, **OS PROFESORES:**

1. **FÓRMANSE** no feminismo con referentes de teoría feminista e educan a partir das investigacións e datos obxectivos aos alumnos. **RECOÑECEN** que hai dous sexos e que fisicamente somos diferentes, pero que iso non nos debe facer desiguais en dignidade e dereitos na sociedade.
2. **DEFENDEN** que as mulleres non están no mundo coa obriga, responsabilidade ou deber de facer a vida máis fácil, agradable e pracenteira aos homes, que non existen para saciar os seus instintos ou caprichos e que teñen os seus propios proxectos de vida á marxe deles.
3. **CORRIXEN** todas as formas de violencia machista dos currículos e as prácticas escolares, por acción ou por omisión, para que os mozos tomen conciencia da violencia estrutural invisible que supón o patriarcado. **EXPRESAN** publicamente (en claustros, reunións de equipos docentes, reunións de titoría etc.) a necesidade imperiosa de educar para a igualdade e de loitar contra os estereotipos sexistas e contra a violencia machista a través do seu labor docente.
4. **PROMOVEN** activamente o debate cos alumnos para desmontar con datos e argumentos feministas as ideas machistas que reproducen sobre a violencia contra as mulleres. **AFEAN** publicamente condutas machistas doutros profesores ou alumnos, comentarios sexistas, “bromas” misóxinas, xestos ou condutas que expresen desprezo cara ás nenas e mulleres ou insinúen a súa inferioridade ou a súa redución a obxectos sexuais.
5. **CORRIXEN** a linguaxe deshumanizadora e cousificadora que se utiliza coas mulleres, tanto nos textos educativos como nos medios de comunicación, e **UTILIZAN** en todo momento unha linguaxe non sexista. **COMENTAN** criticamente as noticias sobre violencia machista e a linguaxe que a describe. As agresións non son unha fatalidade accidental nin os agresores son casos singulares.

# Profesores que educan aos rapaces contra a violencia machista



6. **FOMENTAN** nos seus alumnos as ganas de relacionarse en igualdade nas súas relacións afectivas, no canto de promover unha sexualidade centrada e baseada en mostrarse e demostrar diante a fratría. **TRANSMITEN** aos seus alumnos que o sexo non implica violencia, senón recoñecemento mutuo, e que, como en toda relación entre persoas, a ética é crucial e primordial tamén nas relacións afectivo-sexuais.
7. **ENSINAN** que o sexo non é un dereito, pois non é unha necesidade básica. Así mesmo, explican aos alumnos que non poden esixir sexo a ninguén, nin con diñeiro polo medio, pois algo que nos atravesa como humanos non pode nin debe converterse nunha transacción. **DIFERENCIAN** desexo e consentimento, sendo o desexo fundamental en ambas as partes nunha relación sexo-afectiva en igualdade, e **EXPLICAN** que na prostitución o desexo das mulleres non existe, brilla pola súa ausencia.
8. **COÑECEN** os danos gravísimos que provoca a violencia sexual, e polo tanto, educan para que os alumnos sexan tamén conscientes das consecuencias irreparables na saúde física, psicolóxica e social da explotación sexual que se exerce na pornografía e na prostitución.
9. **NON XUSTIFICAN** de ningunha maneira a prostitución, a cal é unha aberración e unha das formas de violencia extrema contra as nenas e as mulleres. **CONCIENCIAN**, desde a súa materia, aproveitando a efeméride do 23 de setembro e durante calquera día do ano, sobre a desigualdade estrutural, entre homes e mulleres, que supón a existencia da prostitución.
10. **NON SON INDIFERENTES**, nin pasan por alto, nin fan oídos xordos a comentarios que pretenden resultar graciosos sobre a explotación sexual e as mulleres en situación de prostitución, e dirixen a situación para dar cabida ás necesarias e urxentes explicacións educativas para **erradicar esta violencia extrema contra nenas e mulleres**.

**Docentes Feministas pola Coeducación**

**DoFemCo**

Creative Commons CC BY-SA 4.0

